

## Moda

Textos:  
Ana  
IglesiasFotos:  
Arquivo G.H.  
e Axencias

## MERGULLANDO NA WEB

**M**aquetas de barco, cavas de puros, obxectos de despacho ou para a casa, unha singular liña de afeitado, novas tecnoloxías e complementos do máis variado son algúns dos artigos que ofrece PasionLujo.com, unha web especializada na venda online de produtos de luxo para homes, e que aposta por unha exclusiva selección de produtos que se distinguen polo seu elegante deseño e polo seu coidado proceso de elaboración, polo que lles confiren un toque de distinción ós seus propietarios.

De feito, os creadores desta empresa só comercializan aqueles artigos que consideran únicos, ben pola fermosura intrínseca do obxecto en si ou ben por ser eles os seus únicos distribuidores en España, sendo tan importante o produto como o seu proceso de fabricación e a súa historia.

Ademais, os seus artigos non acostuman a atoparse en tendas convencionais, e na maioría dos casos só poden mercarse a través da web, o que a converte en distribuidora exclusiva en España, entregando os seus produtos en man e de forma personalizada en calquera punto da xeografía española.

Nada a finais do ano pasado para darlle resposta á demanda de produtos orixinais no mercado español, o seu principal obxectivo consiste en converterse na web de referencia en España en artigos de luxo exclusivos para homes, dirixida a público de entre 30 a 65 anos cun nivel socio-económico alto, ós que lles gusten os produtos exclusivos. No entanto, o 60% dos compradores son mulleres que desexan facerlle un regalo especial ás súas parellas.

Dende o seu lanzamento, PasionLujo.com espertou un grande interese ofertando



ALGÚNS DOS PRODUTOS EXCLUSIVOS QUE SE PODEN ATOPAR NA WEB PASIONLUJO.COM

# Produtos de luxo exclusivos para homes exixentes

PasionLujo.com é unha web especializada en artigos únicos moi difíciles de atopar en tendas convencionais. Dirixida a público de entre 30 a 65 anos cun nivel socio económico alto, conta con seis coleccións que van dende maquetas Rivas a complementos, pasando por tabaco, afeitado, escritorio e alta tecnoloxía

unhas seis coleccións de artigos que comparten valores coma a exclusividade, a elegancia, o deseño, a calidade e o servizo.

Entre elas destacan as maquetas Rivas, elaboradas por artesáns e orfebres especializados, para os amantes dos barcos. Realizadas a partir dos plans oficiais de Riva, reproducen exactamente os mesmos detalles cos modelos reais.

Tamén destaca a colección tabaco, na que se atopa a cava de puros creada polo famoso arquitecto francés Philippe Guy, que constitúe unha serie limitada, firmada e numerada de 500 exemplares en todo o mundo, ademais dos cortapuros da marca Xikar feitos a man.

Os artigos de afeitado, pola súa banda, son de Hommage, unha marca que conxuga deseño e funcionalidade, mentres que a colección High-tech pretende darlle resposta ás necesidades dos amantes das novas tecnoloxías, ofrecendo o sistema de alta fidelidade Geneva Sound System, con iPod, CD e radio, montado nun gabinete feito a man con madeira para piano.

A colección escritorio conta con tres modelos exclusivos de pisapapeis, creados por unha empresa francesa a partir dunha rosca de roda auténtica das marcas de coche Jaguar, Morgan e MG.


Finalmente, a colección de complementos inclúe calcetíns de Gallo, que se distinguen polo seu prestixio, calidade e orixinalidade, sendo PasionLujo.com unha das primeiras empresas en comercializar calcetíns desta marca de luxo en España e constituíndo o único punto de venda online no noso país. En complementos, os usuarios tamén poden atopar os xemelgos de Tateossian, caracterizados polo seu deseño que combina moda, orixinalidade e intemporalidade, ademais de estar realizados de forma totalmente artesanal. Entre os próximos proxectos da web atópase unha colección de pulseiras de Tateossian e malletas Globe Trotter, entre outros.

## NOTICIAS 'FASHION'




## 'Vertbaudet' ponlle cor ó verán infantil

Vertbaudet, unha marca con máis de 40 anos de experiencia, pertence xa á vida cotiá de miles de familias en Francia, Inglaterra, Portugal, Alemaña, Suíza e España. Especialista en moda de nenos, os seus deseñadores crearon para esta temporada estival unha colección chea de cores e ritmo, respectando coma sempre a relación calidade/prezo que explica o éxito da marca, e que xa pode atoparse en La Redoute.



## Os primeiros bolsos de Nina Ricci

Esta temporada supón o inicio dunha nova era para a firma Nina Ricci, que acaba de sacar á luz a súa primeira colección de bolsos cun éxito espectacular. A liña 'Ondine' faise eco dunha proposta clásica con formas atemporais que encarnan os códigos da firma e a súa elegancia tradicional. Entre as primeiras 'celebrities' en lucilo está Carla Bruni, que paseou o modelo 'Clutch' na cea de gala na súa visita a España.



## Premios para '1 Million' de Rabanne

A fragancia 1 Million lanzada en 2008 por Paco Rabanne foi a gran triunfadora da 17ª edición de Le Grand Prix du Parfum Fragrance Foundation (ex FiFi Award) en La Chambre du Commerce et de l'Industrie de Paris, obtendo galardóns a Mellor Fragancia Masculina, Mellor Deseño e Mellor Comunicación de Distribución Selectiva, tras a votación dun xurado composto por profesionais da industria do perfume.